

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE MODIFICA O CALENDARIO ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

ANTECEDENTES

1. O 18.05.2026 esta Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) aprobou o regulamento e o correspondente calendario electoral anexo da Federación Galega de Tiro Olímpico (FGTO), tras a aprobación da asemblea xeral desta o 11.04.2026.
2. O 08.07.2026 a comisión xestora da FGTO presentou no rexistro desta SXD un escrito solicitando a modificación do seu regulamento electoral, xunto coa certificación do acordo, nos seguintes termos:

"Que se proceda á corrección do erro material detectado no Regulamento Electoral visado, facendo constar que a sede da Mesa Electoral nº 1 (A Coruña) é o Campo de Tiro Olímpico de Laracha, Lugar de Vilar da Fraga, s/n, A Laracha, tal e como consta nas actas orixinais remitidas a esa Administración.

Así mesmo, solicítase que se faga chegar á Federación Galega de Tiro Olímpico o documento debidamente rectificado e selado, para proceder á súa inmediata exposición pública e incorporación á documentación oficial do proceso electoral."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG núm. 71, do 13.04.2026), na súa versión consolidada, atribúe á Administración autonómica a facultade aprobar os regulamentos electorais das federacións deportivas.



Segundo. O artigo 56.4.e) da citada Lei sinala como unha función pública delegada, exercida en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno.

Tendo en conta todo o anterior, RESOLVO:

1. Aprobar a modificación do artigo 9, alínea I, do regulamento electoral para a FGTO. En concreto, onde dicía "*Mesa número 1. Provincia de A Coruña: Calle Ramón María Aller, 2 - 1º Dcha. Local B, 15010 A Coruña*", debe dicir "*c) Mesa número 1. Provincia da Coruña: Campo de Tiro Olímpico de Laracha, Lugar de Vilar da Fraga, s/n, A Laracha*"
2. Ordenar a publicación desta resolución xunto co regulamento electoral na páxina web da FGTO.
3. Ordenar que a FGTO lle dea a esta resolución a maior difusión posible entre as persoas electoras para garantir que poidan exercer o seu dereito de voto con todas as garantías.

Esta resolución esgota á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a súa notificación consonte o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14.07.1998), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que estimen pertinente.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Roberto García Fernández

O secretario xeral para o Deporte

